

XII CARREIRA POPULAR DE XERMADE

REGULAMENTO

Artigo 1: Organización:

O Concello de Xermade organiza a XII Carreira Popular de Xermade. A proba organizarase o **Sábado 21 de Outubro de 2023 ás 17:00 horas**, con saída e meta na Praza do Concello.

Artigo 2: Participación:

A proba estará aberta a tódolos atletas, federados ou non, sen distinción de sexo ou nacionalidade. Cada atleta participa baixo a súa responsabilidade e dispón de unha condición física suficiente para rematar a proba.

Artigo 3: Percorrido, categorías, distancias e horarios:

O **circuíto** será sobre asfalto e estará pechado a todos os vehículos agás os autorizados pola organización. O percorrido estará controlado por vehículos da organización.

Na carreira de adultos o percorrido constará de 2 voltas a un circuíto de 3250m

CATEGORÍA	ANO NACEMENTO	HORARIO	DISTANCIA
PITUFOS	(2018 e posteriores)	17:00	150m
PROMOCIÓN	(2016-2017)	17:05	300m
SUB-10	(2014-2015)	17:10	800m
SUB-12	(2012-2013)	17:15	800m
SUB-14/16	(2008-2011)	17:25	1600m
XUVENIL	(2004-2007)	17:45	6500m
SENIOR	(1987-2003)	17:45	6500m
MÁSTER A	(1979-1986)	17:45	6500m
MÁSTER B	(1971-1978)	17:45	6500m
MÁSTER C	(1970 e anteriores)	17:45	6500m

Artigo 4: Peche de control:

O **control de chegada** na proba absoluta **pecharase 45' despois da saída** da mesma.

Artigo 5: Inscripción:

A inscrición farase exclusivamente a través da páxina da Federación Galega de Atletismo www.carreirasgalegas.com

- A inscrición nas carreiras de menores serán **GRATUÍTAS**
- As inscricións dos adultos terán un custe de **5€**.

O prazo de inscrición pecharase o martes 17 de outubro as 23:59h. Os datos necesarios para a inscrición son: nome e apelidos, NIF, sexo, data de nacemento, enderezo, concello de empadramento, teléfono móbil, correo electrónico e clube. Tamén deberán sinalar se corre como popular ou federado, e neste caso facilitar o número de licenza e o clube.

Artigo 7: Retirada de Dorsais:

Os dorsais retiraranse o día da carreira pola tarde na praza do Concello, ata 30' antes da saída de cada proba.

Artigo 6: Condicións de Participación:

- As inscricións faranse a través da páxina web da Federación Galega de Atletismo. www.carreirasgalegas.com
- Carreira con cronometraxe manual SEN CHIPS.
- **A inscrición pecharase o martes 17 de outubro ás 23:59 horas.**
- A inscrición na proba é persoal e intransferible.
- A inscrición implica ler, entender e adquirir o compromiso que a continuación se expón: Certifico que estou en bo estado físico. Eximo de toda responsabilidade que da participación no evento puidese derivarse, á organización, patrocinadores comerciais ou sponsors, empregados e demais organizadores. Coa realización da inscrición, todo participante cede os seus dereitos de imaxe á

organización, que utilizará as imaxes de acordo coa Lei de Protección de Datos.

- No caso de que xurda algunha dúbida ou discrepancia acerca do regulamento, a decisión corresponderá á Organización.
- A proba estará controlada pola Federación Galega de Atletismo, e o Comité Galego de Xuíces e estarán capacitados para descualificar a calquera atleta que incumpra o regulamento.
- Todo o non disposto neste regulamento rexeráse polas normas de Competición da FGA, RFEA e IAAF para a presente tempada, así como todo o regulamentado por instancias superiores.

Artigo 8: Premios:

- **Todos os participantes na proba absoluta recibirán un agasallo conmemorativo.**
- **Nas categorías de Pitufos ata sub-14/16 todos os participantes recibirán 1 medalla conmemorativa.**
- **Non se farán clasificacións nas carreiras de Pitufos e Promoción.**
- **Trofeos para 3 primeiros/as da clasificación xeral.**
- **Os premios NON serán ACUMULATIVOS** (os vencedores da xeral non levarán premio por categoría)
- **Trofeo ao primeiro home e muller empadroados no Concello de Xermade.**
- Nas categorías dende sub-10 ata Máster-C: trofeo para os 3 primeiros de cada categoría e sexo.
- A entrega de premios será na Praza do Concello de Xermade e comezará, aproximadamente, ás 18:50h (no caso de que o tempo non o permita será dende o pavillón polideportivo)

Artigo 9: Servizos para os participantes:

Os participantes gozarán dos seguintes servizos antes, durante e despois da carreira.

1. **Agasallo conmemorativo para todos os participantes na carreira de adultos.**
2. **HINCHABLES con monitor de tempo libre para os nenos e nenas participantes na carreira.**
3. Baños na zona de saída-meta.
4. Recollida de dorsais e imperdíbeis.
5. Vestiarios e duchas no pavillón municipal.
6. Roupeiro, os participantes poderán deixar no local de recollida dos dorsais a roupa, que será custodiada por voluntarios da organización.
7. Avituallamento ao final de cada carreira para todos os participantes.
8. Ambulancia (todos os accidentes acontecidos deberán ser previamente informados ao organizador da proba e o traslado do ferido, se fose necesario, será para os centros sanitarios que teñan convenio ca compañía de seguros que corresponda).

Artigo 10: Seguro:

Todos os participantes estarán amparados por unha póliza de Responsabilidade Civil e accidentes deportivos, que cubrirá os accidentes que se produzan como consecuencia directa do desenvolvemento da proba.

Quedan excluídos os casos derivados dun padecemento latente, imprudencia ou inobservancia das leis, da normativa da competición, etc. Tamén quedan excluídos os casos producidos polo desprazamento ao lugar da competición ou desde o mesmo.

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día e ranking popular de probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avenida de Glasgow13- 15008 A Coruña.

Organiza: Concello de Xermade



Colaboran:

